



DIRECTRICES DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO



APROBACIÓN DEFINITIVA

O MODELO TERRITORIAL QUE GALICIA PRECISA

Alberto Núñez Feijóo

PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA

O territorio é un dos elementos constitutivos e diferenciais dun país. Desde Ribadeo ata A Guarda, desde Ortegai ao Miño a sociedade galega veu proxectando ao longo de xeracións o seu espírito e o xenio creador, con accións que foron modelando o rostro do territorio.

Durante séculos as transformacións non supuxeron un cambio substancial, pero nas últimas décadas rexistráronse avances de gran calado, tanto na distribución da poboación, como na dotación de infraestruturas e equipamentos.

No limiar do século XXI Galicia é un territorio en forte proceso de desenvolvemento que require ordenar e proxectar as súas posibilidades de crecemento para facer do seu territorio un activo permanente para as súas posibilidades de crecemento e para a garantía de calidade e benestar colectivo dos seus cidadáns.

A dinámica das últimas décadas propiciou unha crecente urbanización e fortalecemento dos núcleos máis dimensionados coa perda de peso poboacional nos núcleos de maior vocación agrogandeira, con maior incidencia no interior do país. Iso levou a que as cidades, as cabeceiras comarcais e os municipios mellor situados e comunicados viran reforzado o seu potencial, en detrimento dos ámbitos rurais.

Esa dualidade asimétrica debe ser corrixida ou cando menos atenuada cunha planificación reflexiva, que teña no reequilibrio e na concepción do territorio, como un conxunto, a súa pedra angular.

Esa foi a óptica empregada nas Directrices de ordenación do territorio de Galicia xa no ano 2004, cando aprobamos o seu documento de avance, e ese segue a ser o enfoque aplicado: o de concibir a comunidade autónoma como unha unidade, pero no que se poñen de manifesto e se fortalecen os valores propios e diferenciados de cada área. Configúrase así un marco de crecemento flexible que lle dá cabida ás potencialidades de cada zona e sinala o camiño para actuar con racionalidade e visión de futuro por parte de institucións, organizacións e cidadanía.

Estas Directrices representan o modelo territorial que Galicia precisa, aquel cara ao que deben tender as planificacións e as propostas de axentes públicos e privados, constituíndo un antídoto contra o abandono, contra a improvisación e o desleixo nas actuacións sobre o noso territorio. Tal e como xa fixera Cunqueiro no século pasado, debemos pensar nunha Galicia única e integrada, que compita en pé de igualdade con outros territorios nun escenario internacional cada vez máis globalizado e no que a calidade do noso territorio se converta nun activo de futuro para as xeracións vindeiras.

Trátase dun documento aberto á participación, á cooperación e ao esforzo común, para que entre todos fagamos do territorio ese nexo común que nos identifica, no que nos recoñecemos e que, entre todos, debemos protexer e coidar.

NA PROCURA DUN TERRITORIO ABERTO, EQUILIBRADO E UNIDO

Agustín Hernández Fernández de Rojas

CONSELLEIRO DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

Galicia ten na ordenación territorial un dos seus maiores retos, un reto que o actual Goberno galego está a afrontar con decisión, empeñado en facer do urbanismo, da ordenación territorial e da protección da paisaxe, unha das súas liñas de actuación prioritarias.

A plena convicción de que Galicia non podía demorar por máis tempo a posta en marcha de normas e medidas eficaces para preservar o seu territorio fixo que promoveramos nos primeiros meses de lexislatura a modificación da Lei 9/2002, de ordenación do territorio e de protección do medio rural, e impulsáramos dúas pezas clave nesa dirección como son o Plan de ordenación do litoral e as Directrices de ordenación do territorio.

Foi un labor do que quixemos facer partícipe o conxunto da cidadanía e de forma moi especial as institucións e forzas políticas que a representan, tratando de fomentar a participación e a transparencia, procurando acadar o máis amplo dos consensos.

As Directrices de ordenación do territorio, sobre as que viñeron traballando os sucesivos executivos ao longo de tres lexislaturas, son un documento fundamental para fortalecer a protección do medio e garantir un desenvolvemento ordenado, situando cada actividade no lugar máis axeitado, coa precisa seguridade xurídica para todo tipo de actuacións que teñan por base o noso territorio.

Son o marco de referencia para a vertebración e o equilibrio territorial, que vai rexer con criterios de sustentabilidade o desenvolvemento futuro da comunidade, harmonizando o crecemento, velando pola protección dos valores culturais, ambientais e paisaxísticos e orientando unha correcta planificación de todo tipo de infraestruturas e equipamentos no noso territorio.

Estas Directrices teñen a súa orixe nun traballo e nun desexo común, nacen na procura de facer de Galicia un territorio aberto, equilibrado e unido, respectuoso do seu pasado, confiado no seu futuro e do que os galegos e galegas, de hoxe e de mañá, nos sintamos orgullosos.

As Directrices que aquí presentamos marcan un antes e un despois na planificación e na xestión do territorio. Teñen vocación de ser a clave de bóveda dun proxecto común que é Galicia e que se reflicte, como se dun espello se tratase, no devir do seu territorio. A necesidade dunha nova cultura territorial, participativa, solidaria, respectuosa e integral maniféstase neste instrumento que está chamado a ser o noso particular estatuto do territorio.

CARA A UNHA GOBERNANZA INTEGRADORA E DINÁMICA DO TERRITORIO

Manuel Borobio Sanchiz

DIRECTOR XERAL DE SOSTIBILIDADE E PAISAXE

Con estas Directrices de ordenación do territorio, Galicia dótese do instrumento marco de planificación territorial que dita as regras para que a implantación espacial das actividades e usos siga unha senda cara á **sustentabilidade**, dando coherencia e sentido pleno á responsabilidade que temos coas xeracións futuras.

Na conxuntura actual, chegou o momento de volver preguntarnos o qué e o por qué facemos as cousas, valorar se realmente é necesario unha ou outra acción sobre o territorio e, se a resposta é afirmativa, non equivocarnos no lugar, pois responder acertadamente ao onde é ordenar. E ordenar é recoñecer a identidade de cada lugar, é protexer os seus valores, potenciar a súa identidade, para logo xestionar o como actuar.

O **modelo de ocupación e uso** do territorio proposto aspira a ser a evolución natural do sistema de asentamento característico de Galicia, adaptado ás vantaxes da nova sociedade do coñecemento e sendo quen de aproveitar as oportunidades da globalización, á vez que defenderse das súas posibles ameazas, valorizando os recursos propios que permitan acadar un novo modelo de gobernanza do territorio, a conciencia da identidade de Galicia.

A elevada dispersión, inherente ao modelo de asentamento galego, permite a consolidación dun **sistema urbano policéntrico** que sustente e acolla as dotacións e servizos así como os usos e actividades urbanas que precisa toda a poboación galega para ter calidade de vida, e que actúe como **cidade única** competitiva e integrada no seu contexto atlántico.

Este sistema urbano ten a súa razón de ser no **medio rural** que lle dá soporte, grazas tanto ao seu patrimonio natural, como ao coñecemento adquirido ao longo de séculos de aproveitamento adaptado ás súas características e que no seu máximo expoñente forman parte do noso patrimonio cultural. O modelo proposto recolle e potencia a súa funcionalidade para que do medio rural se viva con calidade e siga a ser o **sustento do sistema urbano galego** e, por que non, a **base do sistema produtivo**, como as dúas caras da mesma realidade.

As **infraestruturas e equipamentos** deste novo modelo fórmulanse baixo a premisa dun dobre obxectivo: a máxima eficacia na súa funcionalidade ao servizo dos cidadáns, e a máxima eficiencia no aproveitamento dos recursos naturais e na prevención e minimización dos riscos e da contaminación, incorporando e entendendo a perspectiva do metabolismo urbano. Intégranse así solucións eficaces e eficientes para as infraestruturas de mobilidade e telecomunicacións, de enerxía, o ciclo integral da auga e a xestión dos residuos, así como para os equipamentos supramunicipais.

A concepción global e integradora da **paisaxe**, como o resultado de todas as interaccións que tiveron e teñen lugar no territorio, pecha as propostas deste modelo, que busca a comprensión dos valores identitarios propios inherentes á nosa paisaxe, á nosa historia, para presentar dun xeito coordinado un novo modelo de organizar o territorio de Galicia.

Para conseguir este modelo territorial que permita dar coherencia ao termo de **sustentabilidade**, debe transcender da **planificación convencional do territorio** evolucionando cara á **participación social e á gobernanza activa e integral**.

Este modelo de gobernanza e participación leva implícito realizar un constante seguimento do cumprimento dos obxectivos destes instrumentos e, en definitiva, da evolución do estado das variables e elementos considerados estratéxicos para coñecer se nos imos aproximando á máxima eficiencia, eficacia e respecto da ocupación e uso do territorio dun xeito sostible.

A este seguimento e ás consecuentes accións derivadas de dar resposta aos seus resultados é ao que poderíamos chamar a **xestión dinámica do territorio** e ao que se aspira, e comezará coa aprobación e desenvolvemento das Directrices de ordenación do territorio, que marcan o punto de partida dos restantes instrumentos de ordenación do territorio.

O modelo recollido nestas Directrices será desenvolvido polos restantes **instrumentos de ordenación** do territorio e do urbanismo, que permitirán que cada unha das súas determinacións se leve á práctica co nivel de detalle axeitado á escala de aproximación ao territorio que precisan para a súa máxima efectividade e que contarán coa complementariedade dos instrumentos de protección, xestión e ordenación da paisaxe, como son os **Catálogos e Directrices da paisaxe**.

Asemade, estase a tramitar de forma conxunta co presente documento o Plan de ordenación do litoral, como primeiro Plan territorial integrado que porá en marcha estas Directrices, co ámbito de aplicación correspondente a todo o litoral, o máis complexo de Galicia pola diversidade das relacións que nel converxen.

Este é un proxecto ambicioso, no que a Xunta de Galicia non pode camiñar soa. Outras administracións, e moi especialmente os concellos, deben ser partícipes deste proxecto común. A cooperación, o diálogo, o respecto institucional e o consenso son as bases para acadar un modelo territorial sentido e do que todos nos sintamos partícipes e cómplices, pois a nosa ambición colectiva é que estas Directrices de ordenación do territorio non sexan só dun goberno ou dunha administración determinada, senón que sexan de todos os galegos que lexitimamente aspiramos a fixar un futuro mellor para as vindeiras xeracións.

Índice

1. INTRODUCCIÓN	
1.1. SIGNIFICADO E OBXECTIVOS	14
1.2. A CONFIGURACIÓN DUN TERRITORIO DIFERENCIADO	26
1.3. GALICIA HOXE. UN TERRITORIO EN PROCESO DE TRANSFORMACIÓN	42
1.4. RETOS TERRITORIAIS NO SÉCULO XXI: PAUTAS PARA GALICIA	77
1.5. UN MODELO TERRITORIAL PARA O FUTURO DE GALICIA	80
2. O SISTEMA DE ASENTAMENTOS E AS INFRAESTRUTURAS BÁSICAS	
2.1. AS REXIÓNS E ÁREAS URBANAS NO MODELO TERRITORIAL DE GALICIA	112
2.2. VIGO-PONTEVEDRA. A REXIÓN URBANA DAS RÍAS BAIXAS	115
2.3. A CORUÑA E FERROL. A REXIÓN URBANA ÁRTABRA	131
2.4. SANTIAGO DE COMPOSTELA. NODO DE CALIDADE URBANA	150
2.5. OURENSE: UNHA CIDADE DE EQUILIBRIO	158
2.6. A ÁREA URBANA DE LUGO. UNHA CIDADE DE ENLACE	164
2.7. O SISTEMA URBANO INTERMEDIO	171
2.8. OS NODOS PARA O EQUILIBRIO DO TERRITORIO	187
2.9. O ESPAZO RURAL	190
2.10. ARTICULANDO O LITORAL	209
2.11. INFRAESTRUTURAS E EQUIPAMENTOS DO MODELO TERRITORIAL: GALICIA EN REDE E VECTORES AMBIENTAIS	220

3. O PATRIMONIO NATURAL, CULTURAL E PAISAXÍSTICO

3.1. RECUPERACIÓN AMBIENTAL E ÁREAS ESTRATÉXICAS DE CONSERVACIÓN	256
3.2. A REDE DE ÁREAS DE INTEPRETACIÓN DA NATUREZA E OS ITINERARIOS DE INTERESE PAISAXÍSTICO E AMBIENTAL	266
3.3. PAISAXE E TERRITORIO EN GALICIA	270
3.4. O PATRIMONIO CULTURAL	281

4. DETERMINACIÓNS

4.1. OBXECTIVOS XERAIS E ESTRUTURA BÁSICA DO MODELO TERRITORIAL.....	288
4.2. O SISTEMA DE ASENTAMENTOS	292
4.3. DESENVOLVEMENTO E ORDENACIÓN DOS ASENTAMENTOS, DAS ÁREAS EMPRESARIAIS E DAS ACTIVIDADES PRODUCTIVAS	296
4.4. AS INFRAESTRUTURAS E OS VECTORES AMBIENTAIS DO MODELO TERRITORIAL.....	304
4.5. OS EQUIPAMENTOS SUPRAMUNICIPAIS.....	316
4.6. O LITORAL.....	317
4.7. O PATRIMONIO NATURAL	318
4.8. A PAISAXE	323
4.9. O PATRIMONIO CULTURAL	324
4.10. APLICACIÓN, DESENVOLVEMENTO E REVISIÓN DAS DIRECTRICES DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO.....	326

5. ANEXOS